



## SESION ORDINARIA DE 26 DE MAIO DE 2026

**Presidenta:**D<sup>a</sup>. María del Carmen López Moreno**Sres/as Deputados/as:**

D. Efrén Castro Caloto  
 D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto  
 D. Pablo Rivera Capón  
 D. Miguel Fernández Méndez  
 D. Xosé María Arias Fernández  
 D. Iván Castro Díaz  
 D. Daniel García Fernández  
 D. Antonio Ameijide Osorio  
 D. José Pardo Lombao  
 D. Francisco Javier Balado Teijeiro  
 D. José Ángel Santos Sánchez  
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz  
 D<sup>a</sup> Iria Castro Fernández  
 D. Carlos López López  
 D. Javier Varela Pérez  
 D. Armando Castosa Alvariño.  
 D<sup>a</sup>. María Sol Morandeira Morandeira  
 D. Francisco Cajoto Caserío  
 D. José Demetrio Salgueiro Rapa  
 D. José María Fernández Vázquez  
 D. Clemente Iglesias González  
 D. Luis Fernández Guitián  
 D. Héctor Manuel Corujo González  
 D. José Tomé Roca

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día  **vinte e seis de maio de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	1/36



**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DÍA VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E SEIS.**

A Sra. Presidenta pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de abril de dous mil vinte e seis, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=1>

**PARTE RESOLUTIVA**

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CELEBRACIÓN DUN CONTRATO DE COMODATO E DAS SÚAS CLÁUSULAS REITORAS ENTRE O MUSEO PROVINCIAL DE LUGO E O MUSEO NACIONAL DEL PRADO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Con data do 09.04.2026 baixo o nº de rexistro de entrada 2026RPE005571 se presenta a comunicación do Museo Nacional del Prado relativa ao ofrecemento do depósito de 6 obras de arte pictóricas adscritas á colección do Prado para a súa exposición no Museo Provincial de Lugo e no que se xunta:

As Ordes Ministeriais ditadas o 11 de xullo e 4 de outubro de 2024 pola Dirección do Museo do Prado asinadas baixo o CSV GEN-d6dc-84f7-b056-a44f-771f-e556-9dc8-8e80 e CSV GEN-a00b-38c4-08b2-2f7e-462d-907d-1015-6c91 que aproban o depósito temporal por 5 anos das seguintes 6 obras :

Susana y los viejos, Luca Giordano.  
Camino de la fuente, Alfredo Souto Cuero.  
José Tomás Salvany, Federico de Madrazo y Kuntz.  
Matilde López Dóriga, Federico de Madrazo y Kuntz.  
Rincón de jardín con perrito, Tomás Hiepes.  
Paisaje, Serafín Avendaño Martínez.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	2/36





O borrador do contrato que baixo a rúbrica *Contrato para el depósito de bienes culturales pertenecientes a la colección estable del Museo Nacional del Prado* recolle entre outro contido a finalidade, a duración ou as cláusulas reitoras.

A xustificación da oportunidade, conveniencia e finalidade deste ofrecemento son sinalados no informe da Dirección do Museo Provincial conformado pola Deputada delegada da Área de Cultura asinado con data do 14.04.26 baixo o CSV IV7RYTSKD5MLISNJBVMBH52EAA no que ademais de expresar o interese e conveniencia do citado depósito, destaca que “consideramos que se trata dun importante conxunto de obras de arte de gran interese para complementar o noso discurso expositivo e ampliar os fondos depositados existentes ao igual que outros museos galegos que nos superan no cómputo de obras nesta mesma situación.

Polo tanto, informamos do interese e conveniencia do citado depósito, executable, en función dos puntos contractuais establecidos, ao longo dos anos 2026-2027 posto que implicaría restauracións, traslados, seguros para as obras seleccionadas, xunto coa adecuación dos espazos expositivos no MPL para recepcións e expoñelas no seu momento”.


No marco da consecución do interese xeral, orientado ao fomento da presenza do Museo del Prado, así como ao incremento do acceso do público aos fondos depositados e á súa visibilidade, concorren o interese do oferente e o interese provincial sendo axeitado a a súa instrumentalización mediante a celebración dun contrato de comodato cuxas características esenciais, a gratuidade e a temporalidade, presidirán a súa formalización.

O acordo de vontades se formalizará no correspondente contrato de comodato asinado polas partes interesadas, e o seu contido foi trasladado pola responsable do Servicio de Depósitos de Obras de Arte do Museo del Prado mediante presentación no rexistro provincial o 09.04.26 para a súa conformidade por esta Deputación de Lugo .

Este acordo inclúe o obxecto, finalidade, extinción, e as cláusulas que rexerán as obrigas das partes, e de cuxo cumprimento intrinsecamente responderá á Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística nomeadamente a Directora do Museo Provincial ou persoa na que delegue.

A vista do exposto a Sección de Patrimonio e a Secretaría Xeral asina o informe o 08.05.26 baixo o CSV IV7RE3BLZA6OZNMZAZ6B4XXEG4 no que expresa que “Mediante a celebración dun contrato de comodato articularase o compromiso das partes conducente a consecución do obxecto e finalidade pretendidas e, non obstante a rúbrica do borrador do *Contrato para el depósito de bienes culturales pertenecientes*

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	3/36



*a la colección estable del Museo Nacional del Prado, a Dirección do Museo do Prado sinala que La denominación de este contrato como depósito tiene su justificación en el artículo 8 del Real Decreto 620/1987, de 10 de abril, por el que se aprueba el Reglamento de Museos de Titularidad Estatal y del Sistema Español de Museos, no obstante, el régimen jurídico aplicable al mismo será el del contrato de comodato establecido en el Código Civil (arts. 1741 a 1752).*

A figura xurídica do contrato de comodato non está recollida expresamente na lexislación específica patrimonial, a teor do contido básico do artigo 106.1 da Lei 33/03 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, o contrato de comodato se enmarca dentro dos negocios xurídicos que as Administracións Públicas poden celebrar.

A regulación do comodato, definido como a cesión do uso temporal e gratuíta dun ben non funxible, darase efectividade ao presente ofrecemento ao amparo da definición e características que presenta o contido do artigo 1740 do Código Civil: *Por el contrato de préstamo, una de las partes entrega a la otra, o alguna cosa no fungible para que use de ella por cierto tiempo y se la devuelva, en cuyo caso se llama comodato, (...) El comodato es esencialmente gratuito.*

E conclúe que o presente procedemento conducente á celebración do referido contrato de comodato e do seu prego reitor adecúase á lexislación vixente e poderá someterse á aprobación do Pleno da Corporación a teor do disposto no número 10 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 do novembro, de Contratos do Sector Público.


A Intervención provincial asina baixo o CSV IV7REPKCZI45V2R4AT5E6APEAY que entre outros expresa que (...) Á vista das consideracións anteriores, e sen prexuízo do resultado que puidera derivarse de actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxe ou auditoría, infórmase favorablemente a “Aceptación da celebración dun Contrato de Depósito de 6 Obras, adscritas a Colección do Museo do Prado no Museo Provincial de Lugo, mediante a realización dun Contrato de Comodato entre o Museo Provincial de Lugo e o Museo Nacional del Prado”.

Polo exposto, a teor do disposto no número 10 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 do novembro, de Contratos do Sector Público proponse ao pleno:

1º. Aprobar a celebración dun contrato de comodato por 5 anos das seguintes 6 obras que pertencen ao Museo del Prado

Susana y los viejos, Luca Giordano.  
Camino de la fuente, Alfredo Souto Cuero.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	4/36





José Tomás Salvany, Federico de Madrazo y Kuntz.  
Matilde López Dóriga, Federico de Madrazo y Kuntz.  
Rincón de jardín con perrito, Tomás Hiepes.  
Paisaje, Serafín Avendaño Martínez.

2º. Aprobar o texto do contrato de comodato que contén as disposicións reguladoras e proceder a súa formalización mediante a sinatura en documento administrativo pola Deputada Delegada da Area de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística.

3º. Designar á Directora do Museo Provincial ou persoa na que delegue, para realizar as funcións de responsable do contrato principalmente as relativas a supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada e no seu caso promover os procedementos necesarios conducentes ao cumprimento das obrigas que asume esta Deputación de Lugo como depositario/comodatario do presente contrato.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=2>

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTINUACIÓN E FINALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS EN CURSO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE CONCELLO DE POBRA DE BROLLÓN E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCCIÓN DE CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DE POBRA DA BROLLÓN, ASÍ COMO APROBACIÓN DO ANEXO DE CALENDARIO DE PAGO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Página	5/36



“Pablo Rivera Capón, en calidade de deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, expón en relación ao asunto de referencia o seguinte:

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria realizada o 02.03.2018, acordou por unanimidade:

“(…) 1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en: “Construción de centro residencial na Pobra do Brollón”, cun orzamento total de 1.400.000 €: A achega desta Deputación ascende á contía 1.200.000 € e a do Concello de Pobra do Brollón a 200.000 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 1.200.000 €. (...)”


O 28/06/2018 asinouse entre as partes o citado Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o Concello de Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial no concello da Pobra do Brollón.

O 05/02/2019 formalizouse entre as partes a Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en: construción do centro residencial no Concello de Pobra do Brollón, aprobado na sesión da Xunta de Goberno de 02.03.2018. En dita Addenda modificáronse as cláusulas primeira “obxecto”; terceira “obrigas e compromisos das partes”; cuarta “régime económico”; e sexta “duración do convenio interadministrativo”.

O 13/10/2020 asinouse entre as partes a Segunda Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en: construción do centro residencial no Concello de Pobra do Brollón, aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 09.10.2020. En dita Addenda modificáronse as cláusulas terceira “obrigas e compromisos das partes” e sexta “duración do convenio interadministrativo”.

O 28/12/2021 o Pleno da Deputación Provincial de Lugo acordou dar aprobación ao texto da 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial do Concello de Pobra do Brollón, aprobado de xeito inical, na sesión da Xunta de Goberno do 02.03.2018.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	6/36





O 02/03/2022 asinouse entre as partes a citada 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial do Concello de Pobra do Brollón, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 2 de marzo de 2018, co obxecto de modificar as cláusulas terceira, sexta e sétima relativas ao prazo de execución e vixencia do convenio, ata o máximo do prazo legalmente establecido pola limitación temporal do artigo 49, letra h) 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo.


O 17/03/2023 dende o servizo de Arquitectura trasladouse a Benestar Social e Igualdade a nova memoria xustificativa do contrato (construción centro de atención a persoas maiores) Pobra do Brollón co CSV IV7BGTJNHRZKQWN3UA5HGM7SIE do que se desprende a necesidade de modificar o convenio que nos ocupa, en concreto o seu importe incrementando en 743.542,21 € o investimento e prazo da construción dun centro residencial no Concello da Pobra do Brollón.

Así, deuse trámite á aprobación da 4ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial do Concello de Pobra do Brollón, aprobado na sesión do Pleno do 28 de marzo de 2023, modificando a achega económica da Deputación de Lugo. Esta addenda foi asinada con data 28.03.2023 quedando modificadas as cláusulas afectadas, en concreto a primeira “obxecto”; terceira “obrigas e compromisos das partes”; e cuarta “réxime económico”.

Neste momento consta certificado máis do 98% do importe de adxudicación do contrato que ten por obxecto “Pobra Do Brollón- Construción centro atención a maiores (CAM)” expediente 2023/CON\_02/000031.

O 13/05/2026 realizouse unha reunión da Comisión Mixta de Seguimento do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro residencial para persoas maiores no Concello da Pobra do Brollón. Na certificación da acta da reunión consta que considerando o obxecto do Convenio e que as obras estímense que constarán de xeito definitivo rematadas en menos dun ano de prazo, considérase que é preciso propoñer/acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable dun ano, sendo este o de maior seguridade xurídica.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	7/36



A Comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, propón acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable dun ano para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos, prazo improrrogable que poderá ser suspendido, a efectos de cómputo de prazo, cando para no procedemento sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por terceiros, desde o momento en que se solicita, ou en calquera das outras causas reguladas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


Na mesma sesión a Comisión de Seguimento acordou aprobar e incorporar un Anexo ao Convenio no que se estableza o calendario de pago para o Concello da Pobra do Brollón, tendo que ser incorporado ao Convenio e asumido por ambas entidades, no que se recolla a seguinte distribución por anualidades das achegas do Concello co seguinte reparto por anualidades: 2026, 25.000,00€; 2027, 55.000,00€; 2028, 60.000,00€; 2029, 60.000,00€, asumindo deste xeito o compromiso inicial de achegar 200.000,00€.

Tendo en conta o exposto anteriormente, co especial mención ás propostas realizada pola Comisión de seguimento, vixilancia e control do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio da Pobra do Brollón, formalizado o 28.06.2018 polas partes e modificado polas addendas asinadas o 05.02.2019; 13.10.2020; 02.03.2022 e 28.03.2023, así como, os informes emitidos por parte de Benestar Social e Igualdade, Servizo de Contratación e Fomento e o Servizo de Intervención da Deputación de Lugo, quen subscribe propón que o Pleno da Deputación acorde:

1º.- A continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas para dar cumprimento ao obxecto do Convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro residencial no municipio da Pobra do Brollón, establecendo un prazo improrrogable dun ano para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos, prazo improrrogable que poderá ser suspendido, a efectos de cómputo de prazo, cando para no procedemento sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por terceiros, desde o momento en que se solicita, ou en calquera das outras causas reguladas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2º.- Aprobar e incorporar, ao Convenio Interadministrativo suscrito entre a Deputación Provincial e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	8/36





comúns consistentes na construción de centro residencial na Pobra do Brollón, o Anexo que se transcribe a continuación, e que establece o calendario de pago do Concello da Pobra do Brollón, acordado pola Comisión de Seguimento relativo as obrigas económicas do Concello establecidas no Convenio que nos ocupa, coa seguinte distribución por anualidades: 2026, 25.000,00€; 2027, 55.000,00€; 2028, 60.000,00€; 2029, 60.000,00€, asumindo deste xeito o compromiso inicial de achegar 200.000,00€.

“ANEXO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCIÓN DE CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

No marco do Convenio Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial para persoas maiores nese municipio, asinado entre as partes o 28.06.2018 e modificado polas addendas asinadas o 05.02.2019; 13.10.2020; 02.03.2022 e 28.03.2023, o Concello da Pobra do Brollón recolle unha obriga económica de 200.000,00 €, establecéndose o seguinte calendario de pagos:

ANUALIDADE	IMPORTE
2026	25.000,00€
2027	55.000,00€
2028	60.000,00€
2029	60.000,00€
TOTAL	200.000,00€

En proba de conformidade cos termos exposto, as partes formalizan e subscriben o presente Anexo, que será incorporado ao Convenio:

A Presidenta,  
María del Carmen López Moreno


O Alcalde-Presidente do Concello da  
Pobra do Brollón

Jose Luis Maceda Vilariño

O Secretario Xeral

José Antonio Mourelle Cillero”

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	9/36



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=3>

#### **4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ARTIGOS AMU E CCU, RELATIVOS Á XORNADA DE TRABALLO DE (35 HORAS SEMANAIS).**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:


“As Administracións Públicas son competentes para establecer a ordenación do tempo de traballo do persoal ao seu servizo, de acordo co establecido nos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP, en diante).

Esta competencia debe ser exercida respectando, á súa vez, o establecido no artigo 37.1.m) do mesmo texto legal, que sinala como materias obxecto de negociación as referidas ao calendario laboral, horarios, xornadas e permisos.

A xornada xeral de traballo no Sector Público quedou establecida na disposición adicional septuaxésima primeira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2012, fixando que a mesma non poderá ser inferior a trinta e sete horas e media semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual.

Pola súa banda, a redacción dada pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2023 á disposición adicional centésima cuadraxésima cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, no seu apartado Dous, superou definitivamente esta limitación, ao establecer que cada Administración Pública poderá establecer nos seus calendarios laborais, previa negociación colectiva, outras xornadas ordinarias de traballo distintas da establecida con carácter xeral, ou unha repartición anual da xornada en atención as particularidades de cada función, tarefa e ámbito sectorial, atendendo en especial o tipo de xornada ou ás xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas, sempre e cando no exercicio orzamentario anterior cumprísense os obxectivos de estabilidade orzamentaria,

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	10/36





débeda pública e a regra de gasto. O anterior non poderá afectar o cumprimento por cada Administración do obxectivo de que a temporalidade no emprego público non supere o 8 % das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos.

Tras a eliminación das limitacións que recollía a disposición adicional centésima cuadraxésima cuarta da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, habilitouse a cada Administración para establecer, previa negociación colectiva na mesa ou órgano que corresponda, unha xornada ordinaria de 35 horas semanais para o persoal ao seu servizo e ao do seu sector público institucional.

O 15 de abril de 2026 publicouse no BOE número 92 a Resolución do 14 de abril de 2026, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos.

Esta proposta foi negociada o 30.04.2025 na MXN e adoptouse o acordo por unanimidade da representación sindical.

Tendo en conta o anterior proponse:

Primeiro: Modificar a redacción dos artigos 17.1 e 2 do AMU e do 18.1 e 2 do CCU que quedan redactados co seguinte texto:


“17.1 e 18.1:A xornada laboral xeral será de 35 horas semanas de traballo efectivo de promedio, en cómputo mensual. As xornada especiais adecuaranse cuantitativamente ao mencionado cómputo.

A concreción anual da prestación do servizo realizarase no Calendario laboral que respectará o sinalado nas normas de carácter imperativo.

17.2 e 18.2: O horario laboral establecido con carácter xeral de luns a venres de sete e trinta minutos a vinte horas (7:30 a 20:00 horas) Dentro deste horario establécese un período de presenza obrigatoria, comprendido entre as nove e as catorce horas. O resto da xornada ata acadar, en cómputo mensual, a xornada laboral común establecida no apartado primeiro deste artigo, poderá realizarse entre as sete trinta e as vinte horas, de luns a venres, con carácter ordinario, podéndose estender ao sábado o domingo.

Neste último suposto, terase sempre en conta as necesidades de funcionamento do servizo e o mellor aproveitamento do tempo de traballo. A opción horaria de cada traballador terá a conformidade do correspondente Xefe de Servizo e do deputado

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	11/36



delegado de cada Área. O Rexistro xeral que estará aberto ao público os días hábiles, así como aqueloutras dependencias onde iso sexa preciso. A atención será rotatoria e compensada mediante acordo coa Xunta de Persoal, oídos os traballadores afectados. Tamén será rotatoria e compensada a atención nos supostos de que parte da xornada semanal teña que realizarse en sábado ou domingo. A xornada dos traballadores que teñan atribuído no seu posto de traballo o complemento específico polo factor de incompatibilidade ou especial dedicación será de trinta e sete horas e media semanais, sen prexuízo do aumento de horario que excepcionalmente sexa preciso por necesidades do servizo. Todo o persoal funcionario e laboral da Entidade someterase ao control de presenza fichando a través dos sistemas autorizados e habilitados ao efecto.”

Segundo: Engadir o apartado 12 aos artigos 17 do AMU e 18 do CCU co seguinte teor literal:

“Poderán adoptarse como medidas de flexibilidade para a conciliación da vida familiar e laboral, no marco das necesidades do servizo, nos seguintes supostos:

A) Os empregados ou empregadas públicos que teñan ao seu cargo persoas maiores, fillos ou fillas menores de 12 anos, persoas suxeitas a tutela ou acollemento menores de 12 anos ou persoas con discapacidade, así como quen teña ao seu cargo directo a familiares con enfermidade grave ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, terán dereito a flexibilizar nunha hora diaria o horario fixo de xornada que teñan establecido. Este dereito poderá exercerse tamén no ano en que o menor cumpra a idade de 12 anos.

Así mesmo, terán ese dereito aquelas que teñan necesidades de coidado respecto de outras persoas dependentes cando, neste último caso, convivan no mesmo domicilio, e que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poidan valerse por si mesmos, debendo xustificar as circunstancias nas que fundamenta a súa petición.

B) Os empregados ou empregadas públicos que teñan ao seu cargo persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, poderán dispoñer de dúas horas de flexibilidade horaria diaria sobre o horario fixo que corresponda, a fin de conciliar os horarios dos centros educativos ordinarios de integración e de educación especial, dos centros de habilitación e rehabilitación, dos servizos sociais e centros ocupacionais, así como outros centros específicos onde a persoa con discapacidade reciba atención, cos horarios dos propios postos de traballo.

C) Cando as medidas de flexibilidade horaria recoñecidas nos dous apartados anteriores refíranse a descendentes ou persoas suxeitas a tutela ou acollemento menores de 12 anos, se houbese máis dun titular deste dereito polo mesmo suxeito

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	12/36





causante, poderase instar o seu exercicio simultáneo. Non obstante, no caso de que ambos os proxenitores presten servizos no mesmo órgano ou entidade, poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns fundadas no correcto funcionamento do servizo.

D) Excepcionalmente, os órganos competentes en materia de recursos humanos poderán autorizar, con carácter persoal e temporal, a modificación do horario fixo nun máximo de dúas horas por motivos directamente relacionados coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e nos casos de familias monoparentais.”

Terceiro: Calquera referencia existente no AMU e CCU ,así como acordos posteriores, no relativo a xornada semanal entenderase referida ás 35 horas.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=4>

**5.- PROPOSTA DE ADOPCIÓN DO ACORDO PARA A MODIFICACIÓN DA REGULACIÓN DAS ESPECIAIS CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CO FIN DE ADOPTAR A XORNADA EFECTIVA DO DITO PERSOAL EN RÉXIME DE HORARIO CONTINUADO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor: “Logo de ver a proposta da deputada da Area de Réxime interior, promoción do territorio e turismo, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“En uso das previsións que se contemplan nas Disposicións Adicional Novena do AMU e Décima do CCU, sobre modificacións parciais dos respectivos textos articulados, reguladores das condicións de traballo do persoal funcionario e laboral e das tamén recollidas en distintos artigos sobre as específicas e diferenciadas condicións de prestacións do servizo polo persoal adscrito ao Parque Móbil, como consecuencia da itinerancia, xornada especial partida que se aparta da xornada laboral común.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	13/36



O persoal funcionario e laboral da Deputación provincial de Lugo, adscritos ao Parque Móbil, (Maquinista Conductor/a, Transportista, Operador/a Maquinista Varredora, Maquinista Conductor/a, Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais ...) polas particulares características do seu traballo teñen que prestar os seus servizos en diversos puntos xeográficos da provincia de xeito habitual sendo móbil ou itinerante o lugar de prestación efectiva do debido tempo de traballo.

Os horarios de traballo por este persoal ate o de agora desenvolvíanse en horario partido, sen embargo dende a modificación do artigo 47 do TREBEP, que establece un mandato ás Administracións Públicas para que adopten medidas de flexibilización horaria para garantir a conciliación dos coidadores, veuse efectuando unha interpretación integradora e finalista destes preceptos, de conformidade co artigo 3.1 do Código Civil, que impón interpretar as normas conforme o seu espírito e finalidade.

Deste xeito, a finalidade desta organización e adoptar unha serie de medidas que apoiem a conciliación coa vida persoal e familiar é recoller devandito criterio interpretativo nesta proposta que ten por finalidade establecer o horario de xornada continuada (xeral ou común) para os traballadores do Parque Móbil, dado que é unha petición moi demandada por este colectivo.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, no cal refire que o pase a un horario de xornada continuada non supón risco efectivo para a saúde laboral, sempre que se teñan en conta os descansos que establece a normativa vixente nesta materia (15/30 minutos).

Tendo en conta o informe emitido polo Xefe de Servizo do Parque Móbil, Manuel Pillado Rego, no que non ve óbice ou obstáculo a esta modificación.

En consecuencia, e a fin de darlle maior cohesión á realidade actual, faise necesaria a aprobación dun novo acordo no que respecta a xornada do Parque móbil que modifique o acordo plenario publicado no BOP 62 de 17 de marzo de 2015.

Esta proposta pretende integrar este colectivo o máxime posible (tendo en conta a súas peculiaridades) en lugar dunha exclusión de plano de certas novidades legislativas que se veñen aplicando con carácter xeral ao resto de traballadores desta Deputación.

En data 13.05.2026, a Mesa Xeral Común de negociación, acordou por unanimidade de todas as centrais sindicais a “modificación da regulación das especiais condicións de prestación do servizo do persoal do parque móbil, co fin de adoptar a xornada efectiva do dito persoal en réxime de horario continuado”.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	14/36





En consecuencia, propónse ao Pleno da Deputación provincial, órgano competente conforme determina o artigo 32.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e previo ditame da comisión informativa:

Primeiro: Modificar o punto primeiro do acordo plenario de vinte cinco de novembro de 2014, publicado no BOP 62 do 17 e marzo de 2015, coa seguinte redacción:

1ª.- A xornada de traballo efectivo prestarase entre as 8.30 horas e as 15:30 horas de forma continuada. Por iniciativa da Xefatura de servizo, coa conformidade de Presidencia, en caso de ser necesario e motivado, poderá adoptarse unha flexibilización na entrada e saída de media hora, en momentos puntuais do ano, cando as condicións externas dificulten o correcto desenvolvemento dos traballos na hora de inicio acordada.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=5>

--oo0oo--

## 6.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA APROBACIÓN DE MENCIA, A ESTRATEXIA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO (2026-2030).

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dª. Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Partido Socialista na Deputación de Lugo, e a Deputada Provincial Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	15/36



proposta de goberno para a aprobación de Mencia, a estratexia de intelixencia artificial da Deputación de Lugo (2026-2030).

O Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024 (AI Act), constitúe un dos primeiros marco xurídicos globais en materia de intelixencia artificial no mundo e ten como obxectivo fomentar unha IA fiable en Europa. Este marco é de aplicación tanto aos axentes públicos como aos privados que introduzan un sistema de IA no mercado da Unión Europea ou que o utilicen no seu territorio.

A AI Act será de plena aplicación o 2 de agosto de 2026, se ben as prohibicións e as obrigas relativas á alfabetización en IA están vixentes desde o 2 de febreiro de 2025 e as normas sobre gobernanza e IA de propósito xeral desde o 2 de agosto de 2025. Non obstante o anterior, o 7 de maio de 2026, o Parlamento Europeo e o Consello da UE alcanzaron un acordo provisional que establece un novo calendario de aplicación para as normas que rexen os sistemas de IA de alto risco. O acordo provisional debe agora ser refrendado por ambos os órganos para a súa aplicación, xa que en caso contrario manteríanse os prazos previstos orixinalmente.


O calendario de aplicación do Regulamento Europeo de IA, esixe a adopción de medidas que permitan á Deputación de Lugo adaptarse a este novo marco regulatorio de transformación dixital, co obxecto de garantir a prestación dos servizos correspondentes no territorio da provincia.

No ámbito estatal, a Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial 2024 do Goberno de España identifica o sector público como catalizador da adopción tecnolóxica e impulsa o desenvolvemento de modelos de linguaxe en linguas cooficiais a través do Proxecto ALIA, coordinado polo Barcelona Supercomputing Center co liderado da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial (SEDIA).

Un dos nodos do mesmo é o “Proxecto Nós”, o proxecto de tecnoloxías da linguaxe para a lingua galega impulsado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) -a través do CITIUS e o Instituto da Lingua Galega (ILG)- e a Xunta de Galicia, que ten como principal obxectivo facilitar o uso da lingua galega en todos os novos desenvolvementos tecnolóxicos.

Complementábase co marco operativo derivado do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPd), a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD), a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP), o artigo 41 da Lei 40/2015 (LRJSP), o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), e a actividade supervisora da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA) e da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	16/36






No ámbito autonómico, a Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia, xunto coa Estratexia Galega de IA 2030 da Xunta de Galicia, configuran o marco autonómico de referencia. O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) ofrece infraestrutura de computación de alto rendemento, e o Sistema Universitario Galego conta con capacidades investigadoras en IA de nivel internacional (USC-CITIUS, UDC-CITIC, Uvigo-AtlantTIC). Á súa vez, a Lei 3/1983 de normalización lingüística obriga a garantir a plena funcionalidade dos servizos públicos en galego.

Neste marco, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe ás deputacións provinciais competencias en materia de asistencia técnica, económica e xurídica aos municipios, así como funcións de coordinación dos servizos municipais e de fomento do desenvolvemento económico e social (artigo 36.1). Na provincia de Lugo, con 66 dos seus 67 concellos por debaixo dos 20.000 habitantes, a maioría por debaixo dos 2.000, e con taxas de envellecemento entre as máis extremas de España (o 6,77% da poboación supera os 85 anos), ningún municipio ten por si só capacidade financeira nin técnica para licitar, despregar, auditar e manter sistemas de intelixencia artificial. Neste escenario, a Deputación emerxe como a única institución coa escala, o mandato e os recursos para garantir que os beneficios da IA cheguen a cada municipio en igualdade de condicións, evitando que a fenda dixital amplifique o abandono da Galicia rural.

Con este obxectivo desenvólvese MencIA, a estratexia de intelixencia artificial da Deputación de Lugo, fundamentada na idea de soberanía tecnolóxica realista: o uso de modelos de IA de código aberto e de pesos abertos executados en infraestrutura propia, de tal maneira que os datos sensibles non abandonan os servidores da institución.

A estratexia de MencIA estrutúrase ao redor de catro piares complementarios. O piar 1 (Gobernanza e cumprimento) fixa os principios reitores, os órganos de goberno e os mecanismos de control normativo. O piar 2 (Transformación dixital interna) ten o seu núcleo no Laboratorio MencIA e na transformación da eficiencia dos servizos provinciais. O piar 3 (IA ao servizo dos municipios) materializa a competencia de asistencia aos concellos. O piar 4 (Ecosistema territorial e innovación) articula a colaboración co tecido institucional, universitario e empresarial galego. Estes catro piares despréganse a través de dous eixos operativos complementarios: o eixo 1, interno, o propio Laboratorio MencIA, e o eixo 2, territorial, conformado polo Centro de Innovación Territorial (CIT) da provincia de Lugo, financiado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), que actuará como correa de transmisión do modelo MencIA aos 67 concellos da provincia.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	17/36



Como peza central da súa arquitectura institucional, a estratexia constitúe o Comité de Gobernanza da IA, órgano colexiado de carácter permanente con representación da Presidencia, das áreas de xestión competentes en Innovación e TIC, da Secretaría Xeral, da Asesoría Xurídica Provincial, da Intervención Provincial, do Delegado de Protección de Datos, do Servizo de Recursos Humanos e dun representante de cada grupo político con representación no Pleno, asegurando así unha supervisión política transversal e suprapartidaria. Adicionalmente, créase a Oficina Provincial de IA como órgano executivo do Comité para a xestión técnica diaria da estratexia, e o Rexistro Provincial de Sistemas de IA, de acceso público desde o Portal de Transparencia. O funcionamento interno, convocatoria, quórum e periodicidade de cada un destes órganos regularase, no nivel de detalle operativo, mediante Resolucións da Presidencia da Deputación, preservando así a natureza estratéxica do documento que se eleva ao Pleno.

A folia de ruta da estratexia realizarase en cinco fases durante o período 2026- 2030. A fase 0 (primeiro semestre de 2026) atópase xa operativa, co laboratorio Mencia en produción e a elevación da estratexia ao Pleno. A fase 1 (meses 7-18) inclúe a constitución do Comité de Gobernanza, a posta en marcha da Oficina Provincial de IA e do Rexistro Provincial, así como o inicio do plan de alfabetización «Impulsa a túa IA local», que dá cumprimento á obriga prevista no artigo 4 do AI Act. As fases 2 e 3 (meses 19-48) avanzarán no despregamento interno completo, na selección de municipios piloto e na consolidación do ecosistema territorial. A fase 4 (meses 49-60) prevé a integración da totalidade dos concellos da provincia, a mesa de coordinación das catro deputacións galegas e a revisión integral da estratexia.

Por todo isto, queremos someter para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo propón os seguintes acordos:

1. Aprobar Mencia, a estratexia de intelixencia artificial da Deputación de Lugo (2026-2030), nos termos do documento que se acompaña como anexo a esta proposta, como marco político-estratéxico da política provincial en materia de intelixencia artificial.
2. Constituír formalmente o Comité de Gobernanza da IA da Deputación de Lugo coa composición prevista na estratexia, garantindo a representación dun membro de cada grupo político con presenza no Pleno; a Oficina Provincial de IA como órgano executivo do Comité; e impulsar a posta en marcha do Rexistro Provincial de Sistemas de IA.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	18/36





3. Publicar o texto íntegro da estratexia no portal de transparencia da Deputación de Lugo e na páxina web da entidade.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=6>

### **7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á APROBACIÓN DUN PACTO GALEGO CONTRA O TRANSFUGUISMO POLÍTICO E DUN PROXECTO DE LEI EN GALICIA QUE O DESENVOLVA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:


“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción para instar á aprobación dun pacto galego contra o transfuguismo político e dun proxecto de lei en Galicia que o desenvolva.

#### *Exposición de motivos*

O pasado 7 de maio de 2026, a cidade de Lugo asistiu a unha das operacións políticas máis indignas das últimas décadas. Unha moción de censura encabezada pola portavoz municipal do Partido Popular, Elena Candia, puxo fin a vinte e sete anos de goberno progresista no Concello de Lugo. Fíxoo, ademais, do peor xeito posible: co voto decisivo dunha concelleira tráfuga, María Reigosa, elixida nas listas do PSdeG nas eleccións de maio de 2023.

A moción de censura é un instrumento plenamente legal e lexítimo do noso ordenamento democrático. Pero o seu uso non pode ampararse na mera literalidade

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	19/36



da norma cando contradí de fronte o seu espírito. A democracia representativa sostense sobre un principio elemental, e é que a vontade popular expresada nas urnas constitúe a fonte de credibilidade máis importante nas institucións públicas. Cando ese mandato se altera comprando vontades individuais, o que se debilita non é só un goberno concreto, é a confianza da cidadanía no propio sistema democrático.


Convén lembrar que en 1998 as principais forzas políticas do Estado, incluído o Partido Popular, asinaron o Pacto Antitransfuguismo, comprometéndose a non servirse de quen abandona o seu grupo de orixe para alterar as maiorías saídas das urnas. Ese pacto, renovado en 2000, 2006 e 2020, foi abandonado unilateralmente polo Partido Popular en abril de 2021. Vinte e oito anos despois da súa sinatura, o pacto está roto. E está roto porque, sinxelamente, o PP decidiu romper antes a súa palabra. Non se trata dun pacto en desuso, trátase dun pacto abandonado pola parte que ten neste momento máis interese en incumprilo.

A sentenza do Tribunal Constitucional do 10 de xuño de 2025 anulou o apartado da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que impedía que prosperasen mocións de censura sustentadas no voto dun concelleiro non adscrito, que formase parte previamente do goberno. Esta resolución, aínda sendo de obrigado cumprimento e respectuosa coa doutrina do mandato representativo do artigo 67.2 da Constitución, deixou ao mesmo tempo á democracia local desprotexida fronte a operacións politicamente indecentes. Esa porta hai que pechala. E só se pode pechar por dúas vías complementarias: por unha banda, mediante reformas legais que, respectando a doutrina constitucional, disuadan económica e politicamente o transfuguismo; e por outra, mediante a aplicación efectiva dos compromisos políticos e estatutarios xa existentes. Porque o que non se regula por lei e non se cumpre nos partidos, régúloa a falta de escrúpulos.

Existe xa, por certo, xurisprudencia consolidada do Tribunal Supremo —sentenza do 27 de outubro de 2020— que estableceu que os concelleiros tráfugas "non poden asumir novos cargos ou retribucións que supoñan melloras políticas e económicas". Esta doutrina, recollida tamén no Pacto Antitransfuguismo de 2020, segue carente de transposición legal directa, o que a converte na práctica nunha doutrina de difícil aplicación inmediata. Cómpre, polo tanto, elevala a rango de lei.

O caso de Lugo é, ademais, especialmente revelador polo contexto humano no que se produciu. Este mandato municipal viviu tres golpes humanos extraordinariamente duros: o falecemento da alcaldesa Paula Alvarellos, do concelleiro Pablo Permuy e da

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	20/36





concelleira Olga López Racamonde no prazo dun ano. Foi precisamente ese baleiro humano o que o PP soubo explotar con frialdade aritmética. Foi unha operación negociada nos tanatorios. Mentres se compartían publicamente as condolencias polos compañeiros e compañeiras ausentes, calculábase friamente como tirar partido daquelas circunstancias para forzar un cambio de goberno a un ano das eleccións municipais. Iso non é unha lectura ideolóxica. É unha valoración ética.


Pero hai un elemento engadido que converte a operación de Lugo en algo aínda máis grave. Os propios Estatutos do Partido Popular, aprobados polo seu XXI Congreso Nacional o pasado xullo de 2025, tipifican expresamente no seu artigo 14.2 apartado a) como infracción moi grave que membros do partido "se sirvan de tráfugas doutros partidos para constituír ou cambiar maiorías de goberno nas institucións públicas". Esta redacción foi aprobada polo PP un mes despois da sentenza do Tribunal Constitucional do 10 de xuño de 2025, é dicir, plenamente consciente do novo escenario xurídico. Polo tanto, non cabe a escusa de Alfonso Rueda de que os estatutos "*estaban redactados para outro escenario legal*". Estaban redactados para este escenario, porque foron redactados despois del.

Sen embargo, ante a operación de Lugo, o presidente da Xunta e do PPdeG, Alfonso Rueda, anunciou publicamente que non impulsará ningún expediente disciplinario contra a señora Candia e que propón modificar os propios estatutos do seu partido para amparar este tipo de operacións. Isto é unha confesión política sen paliativos: o PP non incumpriu un código alleo —incumpriu o seu propio código. E pretende reformar non a súa conduta, senón o regulamento que o sinala. Iso, en calquera democracia adulta, descualifica ao partido para dar leccións de calidade institucional durante moito tempo.

A resposta cidadá foi rotunda. Miles de persoas concentráronse durante varios días na Praza Maior de Lugo convocadas pola plataforma *Transfuguismo Non, Democracia Si*, na maior mobilización política rexistrada na cidade en moitos anos. Esa cidadanía pediu unha cousa moi sinxela e moi clara: que se respecte o que decidiu nas urnas en maio de 2023.

Esta moción preséntase no contexto dunha deriva política preocupante do Partido Popular galego, que empeza a coquetear con Vox pensando nas eleccións municipais de 2027, asumindo principios como o de "*prioridade nacional*" e privilexiando recursos públicos segundo a cor política dos concellos. A operación de Lugo non é un

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	21/36



accidente. É un ensaio. Un ensaio para recuperar, a toda costa, o poder local que a cidadanía lle negou democraticamente nas urnas.

Por todo iso, e dende o compromiso desta institución cos principios democráticos básicos e co respecto á vontade popular expresada nas urnas, o Grupo Provincial Socialista propón ao Pleno a adopción dos seguintes

#### *Acordos*

Primeiro.- Impulsar, no marco do diálogo institucional e coa participación de todas as forzas políticas con representación parlamentaria de Galicia, a negociación e sinatura dun Pacto Galego Antitransfuguismo que reforce a estabilidade institucional, a lealdade democrática e o respecto á vontade expresada pola cidadanía nas urnas.

Segundo.- Promover que o devandito pacto incorpore compromisos claros para impedir que o transfuguismo poida alterar maiorías democráticas, facilitar mocións de censura baseadas na deslealdade política ou xerar beneficios políticos, institucionais, económicos ou de representación para quen incorra nesta práctica.

Terceiro.- Elaborar e presentar un proxecto de lei galego que desenvolva xuridicamente os principios e compromisos do Pacto Galego Antitransfuguismo, establecendo mecanismos eficaces de prevención, control e resposta fronte a condutas tránsfugas no ámbito das institucións galegas e da administración local.

Cuarto.- Instar ao Partido Popular a dar cumprimento estrito ao artigo 14.2 apartado a) dos seus propios estatutos, aprobados no seu XXI Congreso Nacional en xullo de 2025, que tipifican como infracción moi grave valerse de tránsfugas para constituír ou cambiar maiorías de goberno nas institucións públicas; e, en consecuencia, a incoar o correspondente expediente disciplinario ás persoas responsables da operación do Concello de Lugo, comezando pola actual alcaldesa, Elena Candia, na súa condición de portavoz municipal e presidenta provincial do PP no momento dos feitos.

Quinto.- Rexeitar expresamente o anuncio do presidente do PPdeG, Alfonso Rueda, de promover unha modificación dos estatutos do Partido Popular para eliminar ou debilitar a tipificación como infracción moi grave do uso de tránsfugas, e instar ás demais forzas políticas a manter as previsións equivalentes nos seus propios estatutos como mínimo común democrático.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	22/36





Sexto.- Manifiestar a condena expresa desta Deputación de Lugo a toda práctica de transfuguismo político, así como a calquera operación política dirixida a alterar, á marxe do voto cidadán, as maiorías democráticamente constituídas nas corporacións locais e nas restantes institucións representativas; e reafirmar o compromiso desta institución coa lealdade democrática e co respecto á vontade popular expresada nas urnas como fonte única e indispoñible de lexitimidade.

Sétimo.- Trasladar o respaldo institucional desta Deputación de Lugo á cidadanía lucense que se mobilizou pacificamente na Praza Maior en defensa da vontade expresada nas urnas en maio de 2023.

Oitavo.- Dar traslado destes acordos ao Parlamento de Galicia, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e á Comisión de Seguimento do Pacto pola Estabilidade Institucional e Loita contra o Transfuguismo Político.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=7>

**8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA PLATAFORMA “GALIZA POLA PAZ”.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	23/36



“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción en apoio as reivindicacións da plataforma “Galiza pola paz”

*Exposición de motivos*

Facéndonos eco do argumentario da “Plataforma Galiza pola Paz” manifestamos:

A guerra imperialista continúa a causar vítimas e destrución nos países agredidos, que cada vez son máis, e a dificultar o día a día do resto de pobos do mundo, como o noso, sometidos a un imparábel encarecemento do custo da vida e á incerteza dunha cada vez máis próxima guerra global.


Hoxe, os Estados Unidos e os seus aliados continúan a violar todas e cada unha das normas do dereito internacional onde lles interesa (na Palestina, en Irán, no Líbano, en Cuba ou na Venezuela), co único obxectivo de manter os seus privilexios e favorecer os seus intereses particulares. E os nosos gobernos, da Unión Europea ao Estado español, completamente subalternos e sen unha verdadeira política de relacións internacionais propia, foxen despavoridos cara adiante insistindo en que a militarización das nosas sociedades é a única maneira de manter o "xardín interior" fronte ao que foi catalogado como "xungla exterior". Do goberno galego non hai nada que dicir. Como se o que pasa no mundo non nos afecta.

No canto de protexer as nosas sociedades dos efectos da guerra, nin a UE nin os seus estados membros parecen capaces de se liberar das directrices marcadas polo bloque imperialista que é o que verdadeiramente sustenta ese escenario de caos permanente, e o único horizonte que propoñen é aumentar de maneira escandalosa os orzamentos para a OTAN que pagamos todas e todos nós, e presentar planos como Rearm Europe, que pretende mobilizar 800.000 millóns de euros para converter Europa nunha nova potencia militar. Non importa se, para financiar iso, hai que retirar indecentes cantidades dos orzamentos públicos que soportan partidas sociais reais, como a sanidade, o ensino, a vivenda, a mobilidade ou as pensións.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

- 1.- Amosar o noso rexeitamento a actual deriva política que só atopa saída á crise comprando armas e munición e sacando soldados ás rúas.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	24/36





2.- Apoiar o camiño cara a unha paz real: unha paz que se constrúa desde o respecto á soberanía dos pobos, en base a relacións internacionais equilibradas, de cooperación e de desenvolvemento, dentro de límites diplomáticos claros -que non salten polo ar cada vez que unha potencia decida ignoralos porque lle convén.

3.- Compartir a chamada a poboación a mobilizarse nas rúas contra a guerra, contra a militarización e contra os exhibicionismos militares.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=8>

## 9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DA LINGUA GALEGA E EN DEMANDA DO SEU USO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción en defensa da lingua galega e en demanda do seu uso.

*Exposición de motivos:*

Unha vez máis o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, vémonos na obriga de denunciar que a Xunta de Galiza segue a ser incapaz de ofrecer alternativas á

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	25/36



emerxencia lingüística e négase incluso a mencionala; este desleixo e incapacidade para cumprir os prazos de renovación do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega que ela mesma fixou é unha mostra máis do profundo desprezo que teñen por Galiza e o seu idioma.


Todas as análises sociolingüísticas conveñen na perigosa situación da nosa lingua, e a única actualización do PXNLG que estamos a ver, é o de limitar máis o seu alcance para convertelo nun plan de enterro do galego. Con todo, a situación aínda é reversíbel establecendo liñas de actuacións claras que comprometan os poderes públicos e entidades sociais para asegurar a presenza do galego en todos os ámbitos e para todos os usos.

Contra a inacción da Xunta, existe unha alternativa sólida, nacida dun proceso amplo, participativo e plural sobre o que comezar a revertir a emerxencia lingüística: o Protocolo Lingua Vital. Este é o primeiro resultado desa forza, unidade e traballo conxunto pola oficialidade real en todos os territorios de lingua galega.

Begoña Caamaño, homenaxeada no Día das Letras deste ano, denunciaba xa no ano 2010 o uso de expresións como “bilingüismo harmónico”, este termo, cuñado pola administración Fraga, foi e é “unha falacia, unha completa mentira; non podemos falar en termos de harmonía cando hai unha situación tan disimétrica entre o castelán e o galego”. Caamaño arremetía contra o decreto do plurilingüismo, asegurando que con ese texto “van asinar non a defunción, senón a execución do galego”. “Fraga pretendía que o idioma morrera “de morte morrida”, pero seica estes, os de agora son máis impacientes e o galego estalles a resultar un moribundo demasiado lento e molesto” afirmaba Begoña Caamaño.

A Xunta de Galiza, non só non cumpre coa súa obriga legal e moral de promover o noso idioma, senón que nestes dous anos impulsou accións directas na súa contra: votacións no Parlamento contra o galego na xustiza, nas notarías ou nas xestorías; contra o aumento de profesorado de portugués; campañas en español nos centros de ensino; orzamentos raquíuticos que impiden executar calquera avance; exclusión do galego da administración con leis como a da Intelixencia Artificial; contratación pública sen coñecemento de galego ou priorizando o español nas páxinas web; boicot directo á oficialidade do galego na UE e a presenza de Galiza con voz propia na Unesco; impulso á súa desaparición nas relacións comerciais; festivais con fondos públicos cunha cota testemuñal ou nula de música en galego, aumento do control da RG e TVG cunha lei que permite o abandono do galego e da súa función normalizadora nomeadamente para o público infantil e xuvenil. Mentres, continúa vixente o veto e prohibición ás aulas en galego no ensino.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	26/36





Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado dos mesmos:

- 1.- Instar a Xunta de Galiza a promover un verdadeiro pacto pola lingua no que haxa espazo para as persoas, colectivos e institucións que queiran garantir o futuro de Galiza e do seu idioma.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a reverter a situación de emerxencia lingüística extrema e garantir o dereito a vivir en galego.
- 3.- Demandar á Xunta de Galiza a derogación do decreto do plurilingüismo que prohibe a impartición de materias científicas e tecnolóxicas en galego.
- 4.- Instar á Xunta de Galiza a que remate cos vetos dixitais ao galego nas webs oficiais e garanta a atención en galego, a galeguización da xustiza e reforce o papel normalizador da televisión e radio públicas galegas.
- 5.- Instar á Xunta de Galiza a promover a inclusión do galego de xeito transversal nos proxectos de leis de IA desenvolvidos pola Xunta.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=9>

**10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA SOLICITAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO ESTUDAR A IMPLANTACIÓN DUN GES NA ZONA DA MONTAÑA CON SEDE NO CONCELLO DE CERVANTES.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	27/36



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para solicitar á Deputación de Lugo estudar a implantación dun GES na zona da montaña con sede no concello de Cervantes

#### *Exposición de motivos*

A provincia de Lugo conta na actualidade con varias zonas de sombra na cobertura de emerxencias como consecuencia da desaparición dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) de Becerreá, A Fonsagrada e Cervo.


Segundo se desprende do artigo 26 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local; as deputacións provinciais teñen atribuídas competencias en materia de emerxencias e protección civil nos municipios de menos de 20.000 habitantes que non dispoñen de medios suficientes para garantir estes servizos. É dicir, a prestación dos servizos de protección civil, emerxencias e extinción de incendios corresponde ás deputacións provinciais cando os concellos carecen de capacidade material e técnica para asumilos de maneira autónoma. Así o ratifica tamén a Xustiza, tal e como recolle unha recente sentenza do Tribunal de Instancia de Lugo en relación ao GES de Cervo.

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou, por unanimidade, na pasada sesión ordinaria celebrada o 28 de abril de 2026 unha moción do Grupo Provincial Popular para instar ao equipo de goberno da institución provincial a garantir, atendendo ás competencias que lle confire a lei, a efectiva prestación do servizo de emerxencias para todos os municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes.

Entre outros aspectos, a proposta instaba á Deputación de Lugo a adoptar as medidas necesarias para impulsar a recuperación da prestación do servizo dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES) nas zonas da provincia que, na actualidade, non dispoñen de cobertura suficiente en materia de emerxencias, coa colaboración precisa doutras administracións.

Unha das zonas de sombra na provincia en materia de emerxencias é a comarca da Montaña, un territorio caracterizado por unha orografía especialmente complexa, elevadas altitudes, frecuentes episodios de neve durante o inverno e unha importante dispersión poboacional, características que incrementan o tempo de resposta ante

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	28/36





unha posible emerxencia. É, ademais, unha comarca con gran riqueza natural que, ao mesmo tempo, polas súas propias características, a converte nun espazo con certo risco de incendio debido ás súas grandes masas de vexetación.

De cara a mellorar a cobertura de emerxencias na zona considérase necesario avanzar na creación dun Grupo de Emerxencia Supramunicipal (GES) que permita ofrecer unha primeira axuda rápida e eficaz, complementando o labor dos servizos de bombeiros e protección civil, en caso de incendio urbano ou forestal, accidentes de tráfico, riscos naturais, rescates e colaboración co 112.

O concello de Cervantes, situado no corazón dos Ancares, é o municipio máis extenso da comarca e reúne condicións xeográficas e estratéxicas que o converten nunha localización axeitada para dotar á zona deste servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

*Proposta de acordo*

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo insta ao equipo de goberno a avaliar a súa idoneidade e, de ser o caso, promover, xunto coas administracións públicas correspondentes, as actuacións necesarias para facer posible a implantación dun Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) na zona da Montaña con sede no Concello de Cervantes.“

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da señora Presidenta da Comisión D<sup>a</sup>. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D. Pablo Rivera Capón, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D<sup>a</sup>. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); abstencións, 13 (correspondentes aos/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e ao señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=10>

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Página	29/36



## 11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA ESIXIR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUN PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para esixir á Deputación de Lugo a elaboración e desenvolvemento dun plan estratéxico de turismo

### *Exposición de motivos*


O turismo é un sector importante para a provincia de Lugo que conta cun territorio extenso, diverso e cheo de reclamos: dende vestixios históricos ata unha gran riqueza natural e paisaxística ou elementos arquitectónicos, etnográficos e culturais con identidade propia.

Os atractivos do noso territorio non deixan de medrar da man dos profesionais do propio sector -hoteleiros, hostaleiros, autónomos, emprendedores...- co apoio e esforzo dos Concellos e doutras administracións. Entre elas, a da Xunta de Galicia, especialmente centrada na marca Galicia Calidade, na promoción e difusión das rutas do Camiño de Santiago e implicada co Xacobeo 2027 e a candidatura da ‘Ribeira Sacra: A paisaxe da auga’ a Patrimonio Mundial da UNESCO.

A Deputación de Lugo, pola súa banda, non avanzou en materia de promoción turística todo o que nos gustaría. Fai décadas esta institución si tiña un proxecto turístico ambicioso, entre moitas outras destacaba a aposta polos recursos fluviais e contaba con iniciativas pioneiras. Na actualidade recóllense aínda os froitos da estratexia de turismo de Gobernos de hai décadas, cos éxitos das rutas fluviais pola Ribeira Sacra, aínda que o actual goberno provincial deixou perder algunhas das rutas, abandonou a rede de embarcadoiros, clubs náuticos e outras instalacións relacionadas coa actividade fluvial coma o complexo turístico de Augas Mestas, en Quiroga.

Outras das herdanzas dun goberno do Partido Popular son as zonas verdes de Lugo e outras zonas da provincia ou o impulso das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	30/36





O goberno provincial actualmente non dispón de estratexia turística, ou polo menos, non é pública nin consensuada co resto de grupos e o sector. Incluso deixou caducar o seu propio Plan Estratéxico de Turismo 2017-2020; que ademais de levar seis anos caducado, nin sequera chegou a ser unha realidade porque o propio goberno provincial o incumpriu.

E a pesar de reservar no orzamento para este 2026 ata 3,6M€ en materia de promoción do territorio e turismo, non se traduce no fomento real da imaxe da provincia nin se dirixen a iniciativas interesantes para divulgar Lugo por todo o mundo.

Deste plan, practicamente o único que fixeron foi crear o Consello Provincial de Turismo, un organismo participativo que non ten capacidade para impulsar ou xestionar e ao que nin sequera se escoita ou dá participación real dende o goberno provincial.

Recentemente anunciaron unha contratación de actuacións en materia turística, pero non abonda con presentar programas puntuais, agardar os resultados de estratexias doutros gobernos, doutras administracións ou da iniciativa privada. Esta administración debe liderar o sector. Por iso, convén elaborar un Plan Estratéxico de Turismo que trace as liñas mestras da estratexia en materia de promoción turística da provincia para os vindeiros anos tendo en conta ao Consello Provincial de Turismo e en coordinación co resto de administración públicas, os representantes do sector turístico e da sociedade.


Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

*Proposta de acordo*

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo insta ao equipo de goberno a elaborar e desenvolver un Plan Estratéxico de Turismo, en coordinación co sector, o resto de administracións públicas e tendo en conta as recomendacións dos membros do Consello Provincial de Turismo, que recolla as liñas mestras de actuacións por parte da Deputación de Lugo en materia de turismo para os vindeiros anos e que sirva como guía para todos os implicados no apoio ao impulso da imaxe da provincia de Lugo.”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da señora Presidenta da Comisión D<sup>a</sup>. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D. Pablo Rivera Capón,

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	31/36



representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D<sup>a</sup>. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=11>

### **PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

#### **12.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

Dáse conta dos informes dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de dous mil vinte e seis relativos ao cumprimento de prazos do real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=12>


#### **13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2026 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.**

Dáse conta do informe do primeiro trimestre de 2026 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=13>

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	32/36





**14.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 31 DE MARZO DE 2026.**

Dáse conta da información económica da Deputación de Lugo a 31 de marzo de 2026.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=14>

**15.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 31 DE MARZO DE 2026 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2026.**

Dáse conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 31 de marzo de 2026 e previsións a 31 de decembro de 2026.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=15>

**16.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E SEIS.**

Dáse conta das resolucións da Presidencia ditadas dende o día 1 ao trinta de abril de dous mil vinte e seis, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1643 ao 2243, e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=16>

**17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=17>

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	33/36



## 18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

A Presidenta manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

### ROGOS

**Primeiro.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación coa mellora das estradas Provinciais LU-P-2801 e LU-P-5501, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O tramo antigo da vía provincial LU-P-2801 de aproximadamente 4km ao seu paso polos lugares de Mundín, Aldreu e Vale, no termo municipio de Riotorto, atópase nun estado intransitable.

Fai meses que o Concello de Riotorto e a Asociación de Veciños de Vale dirixiron sendas solicitudes á Deputación de Lugo para o arranxo do firme desta estrada que constitúe o principal acceso para os veciños destes núcleos de poboación sen que o goberno provincial teña respondido nin acometido as obras necesarias para mellorar o estado da vía e garantir a seguridade viaria.

O tramo de 2,6 km da antiga LU-P-5501, tamén de titularidade provincial, ao seu paso por Ferreiravella atópase nun estado similar que tamén require unha actuación urxente.


Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Adopte as medidas necesarias para acometer de forma urxente os traballos de mellora dos tramos antigos das estradas provinciais LU-P-2801 ao seu paso por Mundín, Aldreu e Vale e da LU-P-5501 no lugar de Ferreiravella, no termo municipal de Riotorto.”

**Segundo.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ó arranxo da estrada provincial LU-P-1811, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	34/36





A estrada provincial LU-P-1811, en Chantada, presenta un estado intransitable debido ás numerosas fochancas do seu firme pola falta de mantemento e conservación da rede viaria provincial por parte do goberno de PSOE e BNG.

Xa fai unhas semanas que advertimos dos danos constantes que sofren nos seus vehículos os veciños e veciñas que a empregan a diario, ao tratarse do único acceso ás súas vivendas; sen que o goberno provincial teña tomado medidas efectivas.

Á vista do seu perigoso estado, urxe a mellora do seu firme. Pero tamén a adopción doutras medidas para garantir a seguridade viaria como a renovación na sinalización, tanto vertical coma horizontal; o desbroce da vexetación; a poda das árbores e a limpeza das cunetas para canalizar correctamente a auga e evitar que discorra polo firme producindo danos na capa de rodadura.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial:

O arranxo inmediato da estrada LU-P-1811, titularidade da Deputación de Lugo, para garantir a seguridade dos seus usuarios e, particularmente, dos veciños e veciñas que a empregan a diario por tratarse do seu único acceso ás vivendas.”

## PREGUNTAS


**Primeira.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ás incidencias no pleno do concello de Lugo do día trinta de abril, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Un grupo de persoas mantiveron unha actitude agresiva e mesmo proferiron insultos e ameazas dirixidos a cargos políticos que estaban a cumprir coas súas obrigas como representantes públicos no Pleno do Concello de Lugo celebrado o pasado 30 de abril.

O curioso é que estes comportamentos incívicos eran protagonizados por persoas que representan a colectivos veciñais. Concretamente, con cargos directivos na Federación de Veciños Lucus Augusti e na Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, entidades ás que o goberno da Deputación de Lugo leva dirixido na última década preto de 800.000 euros en axudas co diñeiro público de todos os lucenses.

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	Fecha y Hora	03/06/2026 12:49:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	Página	35/36



Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten previsto a presidenta seguir financiando con recursos públicos de todos os lucenses ás entidades dirixidas por persoas que profiren ameazas, insultos e coaccións a cargos públicos e protagonizan comportamentos incívicos?”

**Segunda.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ás actuacións das brigadas do parque móbil da Deputación de Lugo, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Dúas brigadas do parque móbil da Deputación de Lugo viñan desenvolvendo traballos nas vías municipais do Concello de Lugo nas últimas semanas ata o pasado 4 de maio cando foron retirados do termo municipal da capital da provincia.

Un equipo de rego pasou a desenvolver traballos no municipio de Monforte de Lemos, onde estivo xa moito tempo durante a época de José Tomé como presidente da institución provincial. E o equipo de limpeza de cunetas volvía para as instalacións do parque móbil, para posteriormente ir a outro concello da mesma cor política de parte dos membros deste goberno provincial.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten previsto o goberno provincial e a súa presidenta adoptar máis represalias contra o Concello de Lugo e os seus veciños e veciñas despois do cambio de goberno municipal ao terse aprobado a moción de censura?”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260526&punto=18>

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e tres minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**A PRESIDENTA,**

**O SECRETARIO,**

	IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ	<b>Fecha y Hora</b>	03/06/2026 12:49:42
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76UDZNYA6MLNNJ247SKRSGMQ</a>	<b>Página</b>	36/36

